

Comunicación proxectos Apoio Producción Cinematográfica xaneiro 2023 - 6%

Santiago, 24.01.2023

Dando cumprimento á tramitación sinalada na resolución da Dirección Xeral da Corporación RTVG do 4 de abril de 2022 relativa ao procedemento de presentación de proxectos de producións audiovisuais de interese, de entre os proxectos recibidos nos últimos meses, a Comisión Directiva de Avaliación de Proxectos de Apoio á Producción Cinematográfica da CRTVG acordou participar en catro novos proxectos cinematográficos e dúas películas documentais.

Dúas das longametraxes son coproducións internacionais de alto presuposto e con clara vocación comercial: Unha con Francia, *Tratamos demasiado ben ás mulleres*, e outra con Portugal, *Xustiza artificial*. Os outros dous proxectos cinematográficos teñen selo de cinema de autor e orzamentos máis pequenos: *Así chegou a noite*, que será a terceira película dirixida por Ángel Santos, e *As liñas descontinuas* que será a segunda longametraxe de Anxos Fazáns.

En relación ás longametraxes documentais, a selección contempla un proxecto de marcado carácter feminino apoiado pola Secretaría Xeral do Deporte, *Nunca te rendas*, e unha coprodución entre Galicia e Andalucía, *A dereita e esquerda*.

A proposta da Comisión baséase nos criterios da resolución da Dirección Xeral da CRTVG do 4 de abril de 2022 relativa ao procedemento de presentación de proxectos de producións audiovisuais de interese para a CRTVG, que se enmarca nos seguintes obxectivos e características:

- Favorecer a tarefa común de creación e sostemento dun sector audiovisual en Galicia que busque tamén unha mellora da sociedade, mesmo no aparentemente máis simple cometido do tempo libre e de lecer.
- Apoiar na creación audiovisual unha identidade propia como un proceso aberto onde a Corporación participe en proxectos de promoción e ampliación de produtos feitos polo sector da creación cinematográfica e como servizo que promova a garantía da continuidade dos sinais identitarios da Comunidade.
- Participar en proxectos que destaquen pola súa creatividade, calidade, viabilidade e con capacidade de repercusión na sociedade, polos medios tradicionais ou a través da súa presenza mediática nas redes sociais.
- Facer un esforzo adicional no investimento en proxectos presentados do ámbito cinematográfico, que inclúe a Lei 13/2022, do 7 de xullo, de paso que se contribúe ao financiamento de películas e documentais, ben participando directamente na súa produción ou ben mediante a adquisición de dereitos, de acordo co Real Decreto 988/2015, do 30 de outubro.

- Ademais da calidade e viabilidade, préstase atención ao valor artístico e ao vencellamento coas realidades social e cultural galegas.

- Téñense en conta asemade os recursos humanos, biografías dos autores e historia das produtoras. De igual xeito, valóranse os recursos económicos implicados, así como as gravacións en territorio galego.

A Comisión acordou así a participación da CRTVG nos seguintes proxectos cinematográficos:

Tratamos demasiado ben ás mulleres
de Ficción Producciones, S.L.

Trátase dunha orixinal e provocadora proposta cinematográfica que será a *opera prima* de Clara Bilbao.

A longametraxe contén unha miscelánea de xéneros entrelazados: a comedia, o absurdo, o costumismo e unha gran dose de acción e modernidade. A obra bebe de moitas fontes (Berlanga, Buñuel ou mesmo Tarantino) e sorprende ao presentar unha muller de armas tomar como a verdadeira malvada da historia. O guión relata o encontro inesperado entre un grupo delirante de maquis na súa fuxida cara a adiante e Reme, unha muller de crueldade infinita.

As localizacións para atopar a aldea idónea de rodaxe levaranse a cabo na provincia de Ourense e no reparto galego destacan actores de recoñecido prestixio como Luís Tosar, Antonio de la Torre, Diego Anido, Nancho Novo ou Cris Iglesias, que completan un reparto coral encabezado pola popular actriz Carmen Machi.

No referente á estrutura financeira, trátase dun proxecto ambicioso construído sobre unha coprodución internacional de Ficción Producciones, S.L. con Francia e co apoio de RTVE e Amazon Prime Video.

Proposta de achega por parte da CRTVG: 125.000.-€ en concepto de compra de dereitos de emisión e participación nos outros dereitos de explotación.

Xustiza artificial
A.I.E Xustiza artificial

É un *thriller* político moderno que segue o ronsel do cine negro de gran profundidade psicolóxica que presenta un tema ético: a xustiza humana fronte á xustiza robótica.

O Goberno español anuncia un referendo para aprobar un sistema de intelixencia artificial xudicial que se implementará en todos os tribunais españois. Na práctica, o sistema substituirá a todos os xuíces e xuízas do país. A morte de Alicia Kovack, a creadora do sistema, desata todas as alarmas. É só a punta do iceberg dunha conspiración para conseguir o control da xustiza de todo o país. Dalgún modo, poderíamos dicir que estamos ante unha película de ficción científica de autor.

Esta é a proposta do novo realizador Simón Casal, que se levanta sobre unha sólida coprodución con Portugal participada por Abano producións e Tornasol, xunto coa portuguesa Ukbar Films.

Cun ambicioso orzamento, a película aspira a ser un contido de claro potencial comercial e conta xa co apoio de AGADIC, RTVE e Amazon Prime Video en España e Portugal, ademais de firmes acordos de distribución con Latido, A contracorriente e Mar Filmes.

A película acaba de rematar a súa rodaxe na cidade da Coruña e na Costa da Morte e nos seus equipos atopamos recoñecidos profesionais galegos.

No reparto artístico destacan talentos como Verónica Echegui, Alberto Ammann, Tamar Novas, Lucía Móniz ou Alba Galocha.

Proposta de achega por parte da CRTVG: 150.000.-€ en concepto de compra de dereitos de emisión e participación nos outros dereitos de explotación.

Así chegou a noite
Maruxiña Film Company, S.L.

Este será o agardado novo filme de Ángel Santos, un claro expoñente do Novo Cinema Galego que unha vez máis nos fará chegar unha historia cun forte valor creativo e mirada propia.

Ante todo será un filme sobre a fragilidade da nosa identidade cun forte fondo filosófico. O filme aposta polo encontro cinematográfico entre personaxes —un home, unha muller— e a particular paisaxe marismeira dos espazos naturais na zona protexida de Umia-O Grove.

Estamos ante un drama que trata sobre un escultor que establece o seu taller nunha apartada zona rural da costa galega. Aos poucos irá illándose da súa contorna e cortando todo contacto con amigos e familiares.

Da man de Miramemira, S.L. e co impulso de Maruxiña Film Company, S.L. e Alfonso Zarauza, o proxecto participou en diversos foros (Festival Márgenes MRG/WRK, Abycine Lanza e o MECAS do Festival de Las Palmas) e acadou diferentes apoios á escritura, desenvolvemento e produción por parte da AGADIC.

A película prevé un plan de financiamento sólido que permita acometer con garantías o orzamento presentado.

No equipo artístico destaca Denís Gómez, ben coñecido polos nosos espectadores pola súa participación en series tan populares coma "Serramoura" ou "O sabor das margaridas".

Proposta de achega por parte da CRTVG: 90.000.-€ en concepto de compra de dereitos de emisión e participación nos outros dereitos de explotación.

As liñas descontinuas
de Sétima Sociedade Cooperativa Galega e Elamedia, S.L.U.

Anxos Fazáns dirixirá esta película de carácter intimista despois da súa *opera prima*, *A estación violenta*, que tivo un recorrido destacable por festivais internacionais.

Trátase dun drama con matices de realismo poético que narra o encontro emocional e físico entre dous personaxes: Bea, unha muller de 50 anos que está atravesando un divorcio, e Denís, un rapaz trans de 25. Coñécense cando el entra a roubar na casa dela e, a pesar do improbable da circunstancia, xorde entre eles unha forte complicidade e atracción.

O proxecto participou na Incubadora de The screen da ECAM no 2021 e no workshop Sources 2 Development no 2020, e constrúese arredor da coprodución de Sétima Sociedade Cooperativa Galega coa produtora Elamedia, S.L.U., e a maiores conta co apoio de AGADIC.

A rodaxe farase na cidade de Vigo e a obra será realizada en versión orixinal en galego.

Proposta de achega por parte da CRTVG: 110.000.-€ en concepto de compra de dereitos de emisión e participación nos outros dereitos de explotación.

Nunca te rendas

Danga Danga Audiovisuais, S.L.N.E.

Trátase dunha longametraxe documental dirixida por Marta Eiriz que quere visibilizar as dificultades e os obstáculos a que se enfrontan a cotío as deportistas de elite que queren ser nais.

O proxecto analiza a maternidade no deporte e quere contribuír á transformación social a través dos valores do propio deporte.

A película quere mostrar as consecuencias da desigualdade a través de mulleres que foron ou desexan ser nais. Moitas tiveron que renunciar ás súas carreiras deportivas, moitas agardan a finalizar a carreira deportiva e outras seguen buscando o momento axeitado.

Por medio de testemuñas expóñense exemplos de superación de deportistas e coñeceremos as vivencias persoais das novas promesas do deporte dentro e fóra de Galicia (Teresa Portela, Ana Peleteiro, Ona Carbonell, Mariajo Pons, Jennifer Volpe, Blanca Manchón, etc).

Da man de expertos legais analizaremos que pasos se están dando e cales son as medidas de apoio para camiñar cara a unha transformación a prol da igualdade.

Esta proposta de Danga Danga Audiovisuais conta cum plan de financiamento aínda en construción que arranca co apoio da Secretaría Xeral do Deporte.

O documental anuncia un ambicioso plan de rodaxe con localizacións por toda España: Galicia, Madrid, Barcelona, Navarra, Cádiz, Canarias, etc. e aspira a despertar o interese dentro dos circuítos internacionais.

Proposta de achega por parte da CRTVG: 14.000.-€ en concepto de compra de dereitos de emisión e participación nos outros dereitos de explotación.

A dereita e esquerda

Producciones Audiovisuales Sete Media, S.L.

Este documental sobre Rafael Alberti e Camilo José Cela baséase na relación epistolar que compartían ambos escritores durante o exilio de Alberti. Este proxecto pretende establecer paralelismo entre ambos escritores, que conseguiron sobrepoñerse ás diferenzas ideolóxicas polo ben da literatura a

través desta correspondencia inédita, que descobre aspectos descoñecidos das súas vidas.

O documental localizarase nos tres lugares máis importantes na vida de ambos escritores: Galicia, Madrid e Andalucía.

Pola súa propia natureza, o proxecto presentado pola produtora articúlase sobre a coprodución entre dúas comunidades, Andalucía e Galicia, e os apoios das correspondentes televisións autonómicas: Canal Sur e Televisión de Galicia.

O proxecto conta ademais cun acordo de distribución con Sildavia Cinema para a distribución da obra en salas e un segundo acordo con Genial Media para a súa distribución televisiva ou en calquera outra forma.

Proposta de achega por parte da CRTVG: 15.000.-€ en concepto de compra de dereitos de emisión e participación nos outros dereitos de explotación.

Con estas axudas a CRTVG dá continuidade á súa estratexia de apoio ao sector audiovisual, que cada vez está tendo un maior impacto no mercado internacional.